

**ORDENANZA FISCAL N.º 18 - REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR  
PRESTACIÓN DE SERVIZO DA MAQUINA FOTOCOPIADORA**

**Artigo 1.º.-Concepto.**

De conformidade co previsto no artigo 117 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo da maquina fotocopiadora, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal.

**Artigo 2.º.-Obrigados ó pago.**

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza aqueles que se beneficien dos servizos ou actividades realizadas por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

**Artigo 3.º.-Contía.**

1.-A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será fixada na tarefa que segue a continuación.

Por cada copia: 0,10 €.

2.-As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.